

### ANEXO III

#### Táboa salarial 2005

| Categoría profesional                   | Soldo base mes/día | Soldo base anual | Pagas extra | Complemento transp. | Complemento asistencia | Total devengado |
|-----------------------------------------|--------------------|------------------|-------------|---------------------|------------------------|-----------------|
| Grupo I. Subgrupo 1º. Persoal directivo |                    |                  |             |                     |                        |                 |
| Director                                | 882,66 €           | 10.591,92 €      | 2.647,98 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 14.513,92 €     |
| Director comercial                      | 841,21 €           | 10.094,52 €      | 2.523,63 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 13.892,17 €     |
| Director administrativo                 | 841,21 €           | 10.094,52 €      | 2.523,63 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 13.892,17 €     |
| Xefe de persoal                         | 841,21 €           | 10.094,52 €      | 2.523,63 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 13.892,17 €     |
| Xefe de compras                         | 841,21 €           | 10.094,52 €      | 2.523,63 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 13.892,17 €     |
| Xefe de servizos                        | 841,21 €           | 10.094,52 €      | 2.523,63 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 13.892,17 €     |
| Grupo I. Subgrupo 2º. Persoal titulado  |                    |                  |             |                     |                        |                 |
| Titulado grao superior                  | 756,89 €           | 9.082,68 €       | 2.270,67 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 12.627,37 €     |
| Titulado grao medio                     | 731,73 €           | 8.780,76 €       | 2.195,19 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 12.249,97 €     |
| Titulado laboral ou profesional         | 665,37 €           | 7.984,44 €       | 1.996,11 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 11.254,57 €     |
| Grupo II. Persoal administrativo        |                    |                  |             |                     |                        |                 |
| Xefe administrativo 1º                  | 730,35 €           | 8.764,20 €       | 2.191,05 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 12.229,27 €     |
| Xefe administrativo 2º                  | 719,14 €           | 8.629,68 €       | 2.157,42 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 12.061,12 €     |
| Caixeiro                                | 692,16 €           | 8.305,92 €       | 2.076,48 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 11.656,42 €     |
| Oficial de 1ª                           | 677,68 €           | 8.132,16 €       | 2.033,04 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 11.439,22 €     |
| Oficial de 2ª                           | 650,69 €           | 7.808,28 €       | 1.952,07 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 11.034,37 €     |
| Auxiliar                                | 624,12 €           | 7.489,44 €       | 1.872,36 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 10.635,82 €     |
| Telefonista                             | 582,68 €           | 6.992,16 €       | 1.748,04 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 10.014,22 €     |
| Aspirante (máis novo de 18 anos)        | 541,20 €           | 6.494,40 €       | 1.623,60 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 9.392,02 €      |
| Cobrador                                | 582,68 €           | 6.992,16 €       | 1.748,04 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 10.014,22 €     |
| Grupo III. Persoal mandos intermedios   |                    |                  |             |                     |                        |                 |
| Encargado xeral                         | 713,07 €           | 8.556,84 €       | 2.139,21 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 11.970,07 €     |
| Supervisor/encargado de zona            | 692,16 €           | 8.305,92 €       | 2.076,48 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 11.656,42 €     |
| Supervisor/encargado de sector          | 670,70 €           | 8.048,40 €       | 2.012,10 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 11.334,52 €     |
| Encargado de grupo ou edificio          | 20,30 €            | 7.409,50 €       | 1.827,00 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 10.510,52 €     |
| Responsable de equipo                   | 19,53 €            | 7.128,45 €       | 1.757,70 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 10.160,17 €     |
| Grupo IV. Persoal subalterno            |                    |                  |             |                     |                        |                 |
| Ordenanza                               | 575,69 €           | 6.908,28 €       | 1.727,07 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 9.909,37 €      |
| Almaceneiro                             | 575,69 €           | 6.908,28 €       | 1.727,07 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 9.909,37 €      |
| Listeiro                                | 575,69 €           | 6.908,28 €       | 1.727,07 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 9.909,37 €      |
| Vixilante                               | 575,69 €           | 6.908,28 €       | 1.727,07 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 9.909,37 €      |
| Recadeiro (máis novo de 18 anos)        | 529,11 €           | 6.349,32 €       | 1.587,33 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 9.210,67 €      |
| Grupo V. Persoal obreiro                |                    |                  |             |                     |                        |                 |
| Especialista                            | 21,31 €            | 7.778,15 €       | 1.917,90 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 10.970,07 €     |
| Peón especializado                      | 19,97 €            | 7.289,05 €       | 1.797,30 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 10.360,37 €     |
| Limpador/limpadora                      | 19,17 €            | 6.997,05 €       | 1.725,30 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 9.996,37 €      |
| Condutor/limpador                       | 21,86 €            | 7.978,90 €       | 1.967,40 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 11.220,32 €     |
| Grupo VI. Persoal oficios varios        |                    |                  |             |                     |                        |                 |
| Oficial                                 | 21,31 €            | 7.778,15 €       | 1.917,90 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 10.970,07 €     |
| Axudante                                | 19,97 €            | 7.289,05 €       | 1.797,30 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 10.360,37 €     |
| Peón                                    | 19,17 €            | 6.997,05 €       | 1.725,30 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 9.996,37 €      |
| Aprendiz (máis novo de 18 anos)         | 18,06 €            | 6.591,90 €       | 1.625,40 €  | 712,36 €            | 561,66 €               | 9.491,32 €      |

### AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

*Resolución do 9 de xuño de 2005 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a avaliación das solicitudes e posterior asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento do labor docente, e o complemento de recoñecemento do labor investigador e se abre o prazo para a presentación de solicitudes.*

O Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos adicionais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, establece no seu

articulado a necesidade da aprobación dun protocolo de avaliación por parte da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), como órgano encargado de realizar a valoración previa, da actividade docente e investigadora, necesaria para a asignación das retribucións adicionais reguladas polo mencionado decreto.

Coa aprobación da Orde do 16 de abril de 2004 pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar os complementos de recoñecemento do labor docente e do labor investigador, complétase o sistema para avaliar ou emitir informe sobre as actividades docentes e investigadoras, pre-

vias á asignación das retribucións adicionais vinculadas ao recoñecemento do labor docente e investigador dos profesores pertencentes ao Sistema Universitario de Galicia.

De conformidade co establecido nesta orde, o Consello de Dirección da ACSUG, e no seu nome o presidente, convocará mediante resolución, a apertura do prazo para a presentación de solicitudes para a asignación dos complementos retributivos, polo que unha vez reunido o Consello de Dirección, na súa virtude

#### RESOLVO:

##### Primeira.-Obxecto.

Aprobar a convocatoria ordinaria, e abrir o prazo de presentación de instancias, para solicitar a asignación das retribucións adicionais relativas o complemento de recoñecemento do labor docente e o complemento de recoñecemento do labor investigador, establecidos, respectivamente, no artigo 2.1º e 2.2º do Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario.

##### Segunda.-Destinatarios.

1. De conformidade co disposto no artigo 1 do Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, poderán solicitar a asignación das retribucións adicionais sinaladas na base anterior, o persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor das universidades públicas que compoñen o sistema universitario de Galicia (SUG).

2. Tendo en conta o carácter individual e consolidable destes complementos, non se admitirán a trámite as solicitudes dos respectivos complementos, que xa se lle concedesen aos solicitantes na convocatoria anterior.

##### Terceira.-Requisitos.

De conformidade co citado artigo 1 do Decreto 55/2004, do 4 de marzo, os artigos 6.1º e 6.2º da mesma disposición, así como co disposto polos artigos 2 e 3 da Orde do 16 de abril de 2004 pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar os complementos de recoñecemento do labor docente e do labor investigador, para obter o recoñecemento dos complementos, será necesario:

a) Para o complemento de recoñecemento do labor docente:

1. Estar integrado no cadro do persoal docente, como funcionario ou como contratado doutor, de calquera das universidades públicas de Galicia.

2. Que a súa praza sexa fixa e estable, tendo superado o correspondente proceso de concurso-oposición establecido na lei.

3. Acreditar polo menos un ano de servizo na súa praza, cumprido a 31 de decembro do 2004.

4. Ter adicación a tempo completo no exercicio da docencia.

5. Valoración positiva, dos méritos en que se sustente a solicitude, por parte da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, de acordo co protocolo de avaliación aprobado para o efecto pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación na Orde do 16 de abril de 2004 pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar os complementos de recoñecemento do labor docente e do labor investigador.

b) Para o complemento de recoñecemento do labor investigador:

1. Estar integrado no cadro do persoal docente, como funcionario ou como contratado doutor, de calquera das universidades públicas de Galicia.

2. Que a súa praza sexa fixa e estable, con carácter permanente, tendo superado o correspondente proceso de concurso-oposición establecido na lei.

3. Acreditar, polo menos, un ano de servizo na súa praza, cumprido a 31 de decembro de 2004.

4. Ter presentado na universidade un traballo de investigación, que sendo xulgado por un tribunal avaliador, lle outorgase o grao de doutor.

5. Valoración positiva, dos méritos en que se sustente a solicitude, por parte da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, de acordo co protocolo de avaliación aprobado para o efecto pola Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación na Orde do 16 de abril de 2004 pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar os complementos de recoñecemento do labor docente e do labor investigador.

##### Cuarta.-Solicitudes.

1. As solicitudes dirixiranse ao presidente da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), e presentaranse ante esta no modelo normalizado que se publica para o efecto como anexo I a esta resolución.

Estas solicitudes poderán presentarse en calquera dos rexistros relacionados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como nos rexistros de calquera das universidades integrantes do sistema universitario de Galicia.

2. As solicitudes que se presenten deberán indicar cunha aspa cal ou cales das retribucións adicionais, sinaladas na base primeira, solicitan. No caso de que se solicite a asignación das dúas retribucións farase na mesma instancia.

#### Quinta.-Documentación.

1. Os interesados deberán presentar xunto coas solicitudes, de acordo co modelo de instancia, unha fotocopia do DNI ou documento equivalente acreditativo da identidade do solicitante.

2. Ademais, en función do complemento retributivo que soliciten, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

a) Para o complemento de recoñecemento do labor docente:

-Breve memoria de autoavaliación do labor docente que se presentará de acordo co modelo normalizado que se publica para o efecto como anexo II.A.

b) Para o complemento de recoñecemento do labor investigador:

-Xustificante de grao de doutor (este requisito non será preciso para os solicitantes que sexan profesores de corpos docentes en que se exixa o título de doutor, circunstancia esta última que se deberá facer constar na solicitude).

-Breve memoria de autoavaliación do labor investigador que se presentará de acordo co modelo normalizado que se publica para o efecto como anexo II.B.

3. Para a comprobación do cumprimento dos demais requisitos exixidos na base terceira, por parte dos solicitantes non especificados nos dous números anteriores, a ACSUG solicitará ás universidades do SUG unha listaxe oficial na cal certifiquen que os solicitantes están integrados no cadro de persoal docente e investigador da universidade que lle corresponda, nos termos exixidos nesa base.

4. Tanto o modelo normalizado de instancia (anexo I), común para ambos os dous complementos, como as memorias de autoavaliación (anexo II.A e II.B) poderán cubrirse no formato electrónico que estará á disposición dos interesados na web [www.ac-sug.com](http://www.ac-sug.com).

5. No caso de que se solicite a asignación das dúas retribucións adicionais, os documentos que acrediten os mesmos extremos das respectivas retribucións, non será necesario repetilos.

#### Sexta.-Prazo.

O prazo para presentar as instancias solicitando a asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento do labor docente e o complemento de recoñecemento do labor investigador, será de 30 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Sétima.-Emenda e mellora da solicitude.

Cando as solicitudes presentadas en prazo non reúnan os requisitos exixidos pola normativa que lle resulta de aplicación ou non se xuntasen os documentos exixidos nestas bases, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia requirirá o interesado para que, no prazo de 10 días hábiles contados desde o día seguinte ao da recepción do requirimento, se emende a carencia, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, ténndoselle por desistido da súa petición, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992.

#### Oitava.-Procedemento.

1. O procedemento para a tramitación das solicitudes, avaliación dos currículos e asignación singular e individual das retribucións, farase de conformidade co regulado na Orde do 16 de abril de 2004 pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación Certificación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar os complementos de recoñecemento do labor docente e do labor investigador.

2. Neste sentido, os acordos de avaliación adoptados polo Consello de Dirección da ACSUG, previos á asignación singular e individual dos referidos complementos polos consellos sociais das universidades, esgotan a vía administrativa, e poderán ser recorridos en reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou ser impugnados directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

3. Os acordos de avaliación adoptados polo Consello de Dirección da ACSUG, cando resulten positivos, serán notificados directamente pola ACSUG ás correspondentes universidades, para que se proceda, por parte dos seus consellos sociais, á asignación singular e individual dos referidos complementos.

#### Novena.-Efectos do pagamento.

1. Cando por parte dos respectivos consellos sociais das universidades do SUG se proceda á asignación dos referidos complementos, nos termos previstos polos artigos 3 e 4 do Decreto 55/2004, do 4 de marzo, o pagamento das correspondentes retribucións farase con efectos do 1 de xaneiro de 2005.

#### Décima.-Entrada en vigor.

Esta resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2005.

Manuel Cecilio Díaz y Díaz  
Presidente do Consello de Dirección da Axencia  
para a Calidade do Sistema Universitario de  
Galicia

ANEXO II-A

MODELO NORMALIZADO DE MEMORIA DE AUTOAVALIACIÓN DO LABOR DOCENTE

Formación académica e complementaria:

Experiencia docente:

Mobilidade, se é o caso:

ANEXO I

SOLICITUDE DE RETRIBUCIÓN ADICIONAIS VINCULADAS A MÉRITOS INDIVIDUAIS DOCENTES, INVESTIGADORES E DE XESTIÓN

1. DATOS DO SOLICITANTE

|                                                                                                                                                         |               |                    |         |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|--------------------|---------|
| 1º apelido                                                                                                                                              | 2º apelido    | Nome               | DNI     |
| Enderezo                                                                                                                                                |               | Data de nacemento  | Sexo    |
| Código postal                                                                                                                                           | Cidade        | Provincia          |         |
| Telefóno                                                                                                                                                | Fax           | Correo electrónico |         |
| Profesor: CU <input type="checkbox"/> TU <input type="checkbox"/> CEU <input type="checkbox"/> TEU <input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> | Universidade: |                    |         |
| Centro:                                                                                                                                                 | Departamento: |                    |         |
| Área de coñecemento:                                                                                                                                    |               |                    | Código: |

2. RETRIBUCIÓN ADICIONAL SOLICITADA. Os interesados, marcarán cunha aspa a/s retribución/s que solicite.

1.-Complemento de recoñecemento do labor docente

Data da toma de posesión como funcionario ou CD de de

☐

2.- Complemento de recoñecemento do labor investigador

Data da obtención do título de doutor de de

☐

3. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA. Sinalar cunha aspa o tipo de documentación que se xunta á solicitude.

1.-Fotocopia do DNI ou documento equivalente☐

2.-Xustificación de grao de doutor☐

Non é preciso entregalo por ser profesor dun corpo docente en que se exige o título de doutor

3.- Breve memoria de autoavaliación do labor docente☐

4.- Breve memoria de autoavaliación do labor investigador☐

5.-Outros documentos (indicar cales):

4. ENDEREZO DO SOLICITANTE PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Santiago de Compostela, de de 200

Sinatura do solicitante

PRESIDENTE DO CONSELLO DE DIRECCIÓN DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA  
IES Compostela, 5ª planta. R/ Lamas de Abade s/n, 15702. Santiago de Compostela

## ANEXO II-B

MODELO NORMALIZADO DE MEMORIA DE AUTOAVALIACIÓN DO LABOR INVESTIGADOR

Experiencia investigadora:

Mobilidade, se é o caso:

Outros méritos:

**IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS****CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,  
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS  
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

*Resolución do 6 de xuño de 2005, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 006 (axudante de servizos técnicos. Oficial 2ª mantemento) do grupo IV do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, pola que se fan públicas as puntuacións definitivas da fase de concurso das quendas de promoción interna e acceso libre.*

En sesión que tivo lugar o 6 de xuño de 2005 o tribunal IV-F, designado pola Orde do 20 de agosto de 2004 (DOG nº 165, do 25 de agosto) pola que se nomean os membros do tribunal que deberán cualificar o proceso selectivo para o acceso á categoría 006 (axudante de servizos técnicos. Oficial 2ª mantemento) do grupo IV do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, convocado polas ordes da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e

Administración Pública do 19 de decembro de 2003 (DOG nº 252, do 30 de decembro), e de conformidade co disposto nas ditas ordes de convocatoria,

**ACORDOU:**

Primeiro.-De conformidade co disposto na base II.1.6. das respectivas ordes do 19 de decembro de 2003, facer públicas as puntuacións definitivas correspondentes á fase de concurso obtidas polos aspirantes que superaron a fase de oposición da categoría 006 (axudante de servizos técnicos. Oficial 2ª mantemento) pola quenda de acceso libre e promoción interna, que figuran como anexo a esta resolución.

Segundo.-Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2005.

María Eugenia Pérez Fernández  
Presidenta do tribunal IV-F